

# Espazos sonoros

A descuberta da música -das diferentes músicas- e do noso patrimonio cultural son a intención esencial, un ano máis, desta programación da Xunta de Galicia, co ciclo Espazos Sonoros, que chega en 2013 á súa sexta edición.

Coa premisa de ofrecer anacos de tempo para a emoción, o coñecemento e o gozo ao longo do territorio galego, Espazos Sonoros presenta unha proposta variada de actividades arredor da música: concertos, sesións didácticas, obradoiros, roldas polo patrimonio dos órganos etc., para favorecer a participación dos distintos públicos atraídos tanto polo sorprendente dos contidos coma dos continentes.

Nese diálogo entre música e patrimonio radica a identidade principal deste ciclo, construído en itinerancia permanente para levar retringos de música dos máis diversos estilos por distintos espazos, agora sonoros, de vilas, aldeas e cidades de Galicia.

Igrexas, muíños, mesmo un castro, unha fábrica ou un museo abren as portas para quen queira escoitar, ollar e participar. Só se precisa a vontade de descuberta, o respecto polo que foi construído polos que nos precederon e o gusto pola música; ou o deveso de coñecer e explorar.

**Xesús Vázquez Abad**  
**CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

# Espazos sonoros

Espazos Sonoros, dous conceptos que camiñan unidos, o son e o espazo, músicas que se proxectan sobre a esencia das arquitecturas, que nos reflicten a súa historia, que nos evidencian os seus elementos, que nos fan descubrir e redescubrir bóvedas, contrafortes, tamén ruínas, por veces tan só restos dun pasado outrora esplendoroso.


Hai seis anos, emprendemos unha fermosa viaxe polas liñas diagonais, rectas e curvas da paisaxe, polos pequenos e grandes espazos, os coñecidos e os esquecidos, coa ansia de encher de todas as músicas posibles os recunchos da memoria do noso. Seis anos despois ficamos con orgullo de sermos un proxecto en continuo desenvolvemento, que non renuncia á súa esencia, que creceu a carón dos seus públicos e dos seus artistas, co seu conforto e quecemento, ao acubillo da grandeza dos seus espazos, aínda dos máis íntimos e pequenos.

En momentos de inqueda, de cambios, da desconfianza que provoca a incerteza, coma os que nos toca vivir, o coñecemento, a aprendizaxe, a descuberta, a experiencia do goce estético fanse máis necesarias ca nunca, convertidas en fortes ferramentas nas que atopar con que facérmonos fortes nun mundo que evidencia cruamente as moitas caras que pode ter a soidade.

Coa mensaxe da esperanza que agroma da música, coa certeza do seu poder de sandar, emprendemos un ano máis esta viaxe, que nos levará por moi diferentes lugares do noso territorio, da man do bo saber facer dunha nova escolma de artistas, con máis empeño ca nunca por procurar espazos para a convivencia arredor do patrimonio, arredor da música e dos seus protagonistas.

Comezamos!

**Belén Bermejo López**  
DIRECTORA ARTÍSTICA DO FESTIVAL ESPAZOS SONOROS



## SETEMBRO

<b>Domingo 8, 20.00 h</b>	<b>Il Combattimento</b>	...páx. 11
IGREXA DE SAN SALVADOR DE CAMANZO, VILA DE CRUCES (PONTEVEDRA)		...páx. 40
<b>Sábado 14, 20.00 h</b>	<b>Marcos Teira</b>	...páx. 12
MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA (OURENSE)		...páx. 42
Coñece o teu patrimonio: ás 12.45 h, a cultura vitivinícola do Ribeiro		...páx. 13
<b>Domingo 15, 20.00 h</b>	<b>Odaiko Percussion Group</b>	...páx. 14
MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA, CASTRO DE REI (LUGO)		...páx. 46
Coñece o teu patrimonio: ás 18.00 h, visita guiada ao castro e ao museo de Viladonga		...páx. 15
<b>Sábado 21, 16.00 h</b>	<b>Obradoiro infantil Constrúe o teu propio tubo</b>	...páx. 16
AULA DE CONFERENCIAS DO MOSTEIRO DE SAN ROSENDO, CELANOVA (OURENSE)		...páx. 62
<b>Domingo 22, 19.00 h</b>	<b>Marisol Mendive e Andrés Díaz</b>	...páx. 18
IGREXA DE SANTA MARÍA A REAL, XUNQUEIRA DE AMBÍA (OURENSE)		...páx. 48
Coñece o teu patrimonio: ás 11.00 h, roldas pola paisaxe organística galega		...páx. 19
<b>Sábado 28, 18.00 h</b>	<b>Obradoiro de achegamento á música antiga</b>	...páx. 22
MUIÑOS DE MAREA POZO DE CACHÓN, MUROS (A CORUÑA)		...páx. 50
Coñece o teu patrimonio: ás 17.30 h, visita guiada aos muíños de marea Pozo de Cachón		...páx. 23
<b>Domingo 29, 19.00 h</b>	<b>Caxade</b>	...páx. 24
SALGADEIRAS DE MOREIRAS, O GROVE (PONTEVEDRA)		...páx. 52
Coñece o teu patrimonio: ás 18.00 h, visita guiada ao conxunto industrial de Moreiras		...páx. 25

## OUTUBRO

<b>Mércores 2, 20.00 h</b>	<b>DandyLady</b>	...páx. 26
IES LUCUS AUGUSTI, LUGO (LUGO)		...páx. 43
Coñece o teu patrimonio: ás 19.00 h, visita guiada polos gabinetes científicos do IES		...páx. 27
<b>Domingo 6, 19.00 h</b>	<b>Gothic Voices</b>	...páx. 28
IGREXA DE SANTA MARÍA DE ARMENTEIRA, MEIS (PONTEVEDRA)		...páx. 54
<b>Venres 11, 20.00 h</b>	<b>Escoitas arredor de... Emilio Cao</b>	...páx. 30
CGAC, SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)		...páx. 57
<b>Sábado 12, 16.00 h</b>	<b>Visita ao castro de Baroña</b>	...páx. 31
CASTRO DE BAROÑA, PORTO DO SON (A CORUÑA)		...páx. 45
Coñece o teu patrimonio: visita guiada e relatorio "O fenómeno sonoro na cultura castrexa"		
<b>Domingo 13, 19.00 h</b>	<b>Cía. trasPediente</b>	...páx. 32
FÁBRICA DE CERÁMICA DE SARGADELOS, CERVO (LUGO)		...páx. 58
Coñece o teu patrimonio: ás 17.00 h, visita guiada ao conxunto histórico de Sargadelos		...páx. 33
<b>Sábado 19, 20.00 h</b>	<b>The Delightful Companion</b>	...páx. 34
MUSEO MASSÓ, BUEU (PONTEVEDRA)		...páx. 60
Outras actividades: ás 18.30 h, obradoiro de improvisación Aberto, pechado, libre ou atado		...páx. 35
<b>Domingo 27, 20.00 h</b>	<b>Música Acordada</b>	...páx. 36
IGREXA DO MOSTEIRO DE SAN ROSENDO DE CELANOVA (OURENSE)		...páx. 62



# Espazos sonoros

Programa... 2013 >>



[www.espazossonoros.org](http://www.espazossonoros.org)

## COMO CHEGAR:

Para coñeceres a localización de cada un dos espazos, busca en Googlemaps o mapa de Espazos Sonoros 2013.

## DEBES TER EN CONTA:

Os concertos e as actividades son de balde ata que se complete a capacidade.

Nas actividades e concertos con prazas limitadas sinaladas no catálogo é imprescindible a inscrición previa nas datas establecidas.

Cada persoa poderá facer un máximo de catro reservas.

Para a reserva deberase achegar o nome completo e o número do DNI de cada unha das persoas participantes, así como un teléfono de contacto.

O día da actividade ou concerto deberase entregar impresa a mensaxe recibida por correo electrónico coa confirmación da inscrición.

Non se lle permitirá a entrada a ningunha persoa que non estea inscrita previamente.

Información detallada en [www.espazossonoros.org](http://www.espazossonoros.org)

## II Combattimento ...///

Igrexa de San Salvador de Camanzo, Vila de Cruces (Pontevedra)

### CONCERTO INAUGURAL

Domingo 8 de setembro >> 20.00 h

#### TRAS OS MUROS

OBRAS DE DUFAY, LANDINI, MACHAUT, MÚSICA SEFARDÍ E DOS CÓDICOS FAENZA, WOLFENBÜTTEL E DE LAS HUELGAS

**Abraham Cupeiro:** corneta, gaita, voz, percusión, trompeta bastarda e *shofar*

**María Ruiz:** frauta travesa, orlo e voz

**Diego Segade:** viola de brazo e voz

**Carlos Vázquez:** percusión, cimbazón, orlo e voz

**Vadzim Yukhnevich:** *organetto* e voz

Esta formación, dirixida por Abraham Cupeiro, naceu no ano 2011 da man de tres músicos profesionais e profesores de ensinanza musical, Diego Segade, María Ruiz e o propio Cupeiro. O grupo toma o seu nome da peza homónima de Claudio Monteverdi // *Combattimento di Tancredi e Clorinda*, en referencia ao combate musical que xorde do diálogo entre os diferentes instrumentos.

A través de varias formacións instrumentais, o grupo percorre diferentes repertorios que van desde a música medieval ata a do Barroco. Malia a súa recente formación, o grupo foi xa convidado a participar en festivais en México e en Costa Rica.

Nesta ocasión, o grupo preséntase en Espazos Sonoros cun programa que pretende recrear as paisaxes sonoras da Idade Media, para o que toma como eixe argumental os muros que pechaban as vilas medievais e que lle daban forma ao labirinto urbano, arquitectónico e tamén social. O programa irá traspasando sucesivos muros imaxinarios e representativos dos diferentes segmentos que compoñen o mosaico da cidade medieval, no que as diferenzas estamentais e relixiosas se fan patentes a través da música. Cantos relixiosos baseados no *cantus firmus do Cunclipotens Genitor*, músicas a cabalo entre o relixioso e o profano, xunto a cancións e danzas cortesás ou músicas da *alta capella*, iranse sucedendo ao longo do concerto para rematar pechando as portas da última muralla, a da alxama xudía.



Sábado 14 de setembro >> 20.00 h

### FLAMENCO TRANSLATIONS

**Marcos Teira:** guitarra flamenca

Cunha longa traxectoria como guitarrista, Marcos Teira colaborou con sólidas formacións e artistas coma Marful, Narf, Uxía, Rodrigo Romaní ou Budiño. No seu novo traballo en solitario, *Flamenco Translations*, adapta músicas de todo o mundo á linguaxe do flamenco, unha música rica en ritmo, en melodía e, desde hai algúns anos, tamén en harmonía, grazas a artistas coma Paco de Lucía, Manolo Sanlúcar, Jorge Pardo ou Chano Domínguez, e da que pouco ou case nada sabemos malia a proximidade xeográfica.

*Alfonsina y el mar*, *Day Tripper* ou *La flor de la canela* son algúns dos temas que inclúe no seu repertorio. A través das súas adaptacións, Marcos Teira consegue facer viaxar estas e outras músicas polas paisaxes novas e vellas da guitarra flamenca. O concerto de Espazos Sonoros mostra tamén algunhas composicións do propio músico que presentou recentemente en escenarios de países coma Estados Unidos, Arxentina, Suíza, Marrocos ou Mozambique.

A de hoxe será unha oportunidade única para achegámonos ao flamenco, da man dun dos nosos máis sólidos intérpretes e para afondarmos, un pouco máis, na comprensión desta música.

[marcosteira.com](http://marcosteira.com)



Sábado 14 de setembro >> 12.45 h

### OUTRAS ACTIVIDADES

Aproveitando a nosa parada en Ribadavia, capital histórica da denominación de orixe do Ribeiro, no tempo da vendima, propoñemos unha xornada na que afondarmos no coñecemento de parte da nosa cultura vitivinícola, a vinculada á comarca do Ribeiro.

#### Programa da xornada:

12.45 h Vendima no Ribeiro. Visita a viñedos e a unha adega da D. O. Ribeiro para participarmos activamente no proceso da vendima: a colleita da uva na viña e as primeiras operacións desque chega á adega.

14.30 h Xantar “entre cepas” nunha fermosa paraxe do Ribeiro, con polbo, carne ao caldeiro, pan de Cea e sobremesa con queixo de Arzúa-Ulloa, bica e marmelo, por cortesía da D. O. Ribeiro.

17.00 h Visita guiada polo barrio xudeu de Ribadavia, capital histórica da D. O. Ribeiro desde 1932.

**Capacidade máxima:** 20 persoas

**Lugar e hora de encontro:** Praza Maior de Ribadavia, ás 12.45 h

**Inscrición:** do 1 ao 11 de setembro en [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

**Non esquezas:** roupa e calzado cómodo para vendimar

Logo da actividade, ás 20.00 h, concerto de Marcos Teira no Museo Etnolóxico de Ribadavia.

## Odaiko Percussion Group ...///

Castro de Viladonga, Castro de Rei (Lugo)

Domingo 15 de setembro >> 20.00 h

### GALICIAN ON BOARD

**Fran Troncoso:** percusións

**Félix Rodríguez:** percusións

**Antonio Ocampo:** percusións

**Juan Collazo:** percusións

Integrado por percusionistas cunha fonda formación e traxectoria concertística, Odaiko converteuse, desde a súa presentación en Holanda en 2002, nun dos grupos galegos de percusión máis innovadores e con máis proxección internacional.

Odaiko toma o seu nome dun tipo de tambor oriental, caracterizado pola súa cor vermella e o seu dominante son. Nos seus concertos xuntan tradición e modernidade, melodía e ritmo, forma e improvisación, en diálogo creativo entre os músicos intérpretes e tamén co público.

En *Galician on board*, Odaiko presenta un repertorio variado no que as percusións contemporáneas, como marimbas ou vibráfono e percusións electrónicas coma o *xylosynth*, se fusionan con elementos da música tradicional galega, entre os que atopamos tamén apeiros de labranza que foron empregados como instrumentos para marcar o ritmo das tarefas e alegrar os longos días de traballo no campo.

[odaiko.es](http://odaiko.es)



## >> Visita guiada ao castro de Viladonga

Castro de Viladonga, Castro de Rei (Lugo)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 15 de setembro >> 18.00 h

Para coñeceres máis sobre o que é un castro, que función tiña, como se organizaba, que vestixios se atoparon ou cando e como foron escavados, Espazos Sonoros organiza unha tarde de visita guiada, da man dos técnicos do museo arqueolóxico, polo castro de Viladonga, na que teremos tamén oportunidade de coñecer as coleccións de materiais atopados durante as sucesivas escavacións.

Logo da visita, ás 20.00 h, concerto do grupo Odaiko nas instalacións do museo.



## >> Constrúe o teu propio tubo de órgano

Aula de conferencias do claustro barroco do mosteiro de San Rosendo, Celanova (Ourense)

Sábado 21 de setembro >> 16.00 h

OUTRAS ACTIVIDADES

OBRADOIRO DE ORGANERÍA PARA PÚBLICO INFANTIL

**Unha curiosidade...**

Que é un órgano?, como funciona?, como é por dentro?, por que teñen tantos tubos? son todos de metal?...

Espazos Sonoros, fiel aos seus obxectivos de fomento do aprecio polo patrimonio histórico e musical e de formación de novos públicos para a música, propón unha singular actividade dirixida a nenas e nenos, para aprenderen a construír tubos de órgano de cartón e para, deste xeito, iniciarse no apaixonante e descoñecido mundo da organería.

O obradoiro desenvolverase nas dependencias do claustro barroco do mosteiro de San Rosendo de Celanova e estará moderado por Herbert Kuen, experto en organería, que deseñou esta actividade especificamente destinada ao público de Espazos Sonoros.

Ademais, faremos unha visita guiada para coñecermos o órgano da igrexa de San Rosendo, na que se farán pequenas demostracións sonoras que permitan percibir as potencialidades do instrumento, para que os máis pequenos se vaian familiarizando co seu son e coa súa música.

A idea de recrear tubos de órgano de cartón pode parecer unha ocorrencia. Pero está documentado que, arredor de 1672, o construtor de órganos Johann Caspar (italianizado como Eugenio Casparini), recoñecido polo enxeño das súas invencións e polas constantes innovacións que incorporaba á mecánica dos seus órganos, construíu para o káiser Leopold II, para o que traballou como organeiro real na corte de Viena, un órgano positivo con tubos de cartón.

**Capacidade máxima:** 20 persoas

**Inscripción:** do 7 ao 18 de setembro en [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

**Lugar de encontro:** onda a Oficina de Turismo de Celanova, Praza Maior n.º 1

**Público:** nenas e nenos a partir dos 8 anos

**Obxectivos:**

\_Familiarizar as nenas e os nenos co mundo do órgano, coa súa música e cos oficios relacionados con este instrumento

\_Axudar a desenvolver destrezas manuais e musicais

\_Crear novos públicos para a música de órgano

### Herbert Kuen

Herbert Kuen é organista, experto en organería e un dos máis recoñecidos construtores de instrumentos antigos de tecla do Tirol. Enxeñeiro forestal de profesión, estudou órgano na Akademie für Musik und Darstellende Kunst de Viena e exerceu como organista de diversas igrexas de Innsbruck, entre elas a Igrexa da Corte, na que toca o famoso Ebertorgel (1558). Ademais, colabora adoito con diversas formacións musicais e ofrece tamén concertos como solista.

Como construtor de instrumentos de tecla antigos, goza dunha ampla reputación e os seus instrumentos son solicitados polos máis importantes

festivais e conservatorios de toda Europa. Foi membro do equipo que traballou nos labores de restauración do órgano da catedral de Ciudad Rodrigo, en Salamanca, e na reconstrución do órgano de Celanova, no que terá lugar o obradoiro. Ademais, presta servizos para a posta a punto de instrumentos de tecla antigos en diversos festivais internacionais de música, como as Innsbrucker Festwochen der alten Musik (onde ten participado tamén en diversas actividades didácticas) ou no Landestheater de Innsbruck. Representa de maneira habitual o Tirol e a diocese de Innsbruck en numerosos congresos internacionais e reunións de expertos en conservación e construción de órganos e instrumentos antigos de tecla.





## Marisol Mendive e Andrés Díaz ...///

Igrexa de Santa María a Real, Xunqueira de Ambía (Ourense)

Domingo 22 de setembro >> 19.00 h

### UN LIBRO NA CAIXA

MÚSICAS PARA ÓRGANO E MENESTREL

OBRAS DE URREDE, CABEZÓN, ORTIZ, PABLO BRUNA  
E MARTÍN I COLL

**Marisol Mendive:** órgano

**Andrés Díaz:** frautas, chirimía, baixón e baixonciños

O órgano pode parecer un instrumento solitario, pero nin o foi nin o debe ser. As voces de xeito fundamental, pero tamén os instrumentos, acompañaron ou foron acompañados polos seus sons. Este pequeno programa, que pechará a rolda polos órganos de Ourense, pretende facer unha demostración de como os diversos instrumentos de vento da época (fautas, chirimía, baixóns...) se complementan de forma natural co órgano. Unha práctica secular da que poderemos gozar no magnífico instrumento de Xunqueira de Ambía, coa escoita de pezas polifónicas e do repertorio orgánico de destacados compositores ibéricos dos séculos XVI e XVII. Durante o concerto desvelarase tamén o enigmático título do programa, que garda relación tanto cos órganos coma cos menestres que tocaban ao seu carón.



## >> Roldas pola paisaxe organística galega

Xunqueira de Ambía, Celanova, Ourense (Ourense)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 22 de setembro >> 11.00 h

### A PAISAXE ORGANÍSTICA DE OURENSE

Despois do percorrido polo órganos da Mariña en Lugo da anterior edición de Espazos Sonoros, trasladámonos desta volta á provincia de Ourense para coñecermos outro anaquiño da nosa paisaxe organística, a través dunha rolda musical que nos permitirá ver e escoitar algúns dos órganos mais salientables desta provincia.

A xornada comezará na igrexa de Santa María a Real de Xunqueira de Ambía, para continuar pola igrexa de San Rosendo de Celanova e o órgano de Santa Eufemia en Ourense.

A xornada rematará, de volta en Xunqueira de Ambía, cun concerto de música renacentista para órgano a cargo de Andrés Díaz e da organista Marisol Mendive.

### Programa da rolda:

11.00 h Xuntanza en Xunqueira de Ambía e visita ao órgano da igrexa de Santa María a Real.

12.00 h Saída no autobús para Celanova.

12.30 h Visita ao órgano de San Rosendo en Celanova.

16.00 h Visita ao órgano de Santa Eufemia en Ourense

19.00 h Concerto de órgano en Santa María a Real de Xunqueira de Ambía.

**Capacidade máxima:** 50 persoas

**Lugar de encontro:** adro da igrexa de Santa María a Real de Xunqueira de Ambía

**Inscripción:** do 7 ao 18 de setembro en [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

**Público:** actividade para todos os públicos e nenas e nenos maiores de 8 anos

## OS ÓRGANOS DE OURENSE

Na catedral ourensá, nalgunhas das súas parroquias e en moitos mosteiros da provincia, houbo en tempos un rico patrimonio organístico do que hoxe quedan aínda algúns vestixios interesantes. Esta segunda rolda pola paisaxe organística galega programada en Espazos Sonoros pretende dalos a coñecer mellor e contribuir á súa valoración.

Comezaremos a visita en Xunqueira de Ambía. A que foi a súa antiga colexiata conserva no seu interior un dos instrumentos máis interesantes de toda Galicia. Está perfectamente documentada a presenza do órgano nesta igrexa, que primeiro foi mosteiro agostiño, desde o século XVI.

En 1536, un organeiro veciño de Allariz, Bernal Díaz, constrúe un órgano. Con posterioridade, arredor de 1634, é o organeiro Gaspar de Alaraz quen constrúe outro novo, que se manterá ata 1757, ano no que Manuel González Maldonado, organeiro asentado en Santiago, fabricará o que hoxe en día podemos admirar. É un instrumento de gran beleza, con dous teclados, moi ben construído e cunha magnífica caixa realizada por Juan de Sanmartín, tallista veciño de Celanova.

En Celanova achegarémonos a contemplar o órgano do mosteiro de San Rosendo. É un instrumento cunha excepcional caixa e que alberga no seu interior un instrumento moderno construído pola casa suíza Späth. A historia do instrumento na vila ten tamén unha traxectoria de séculos, marcada polo mosteiro de San Rosendo. A caixa que hoxe podemos admirar, atribuída ao tallista Francisco Castro Canseco, contivo un instrumento do ano 1776, do organeiro franciscano frei Felipe de la Peña, que residía no convento de Santiago. É interesante neste órgano a presenza de dúas fachadas, ao xeito dos grandes órganos catedralicios de Santiago de Compostela ou Mondoñedo (tamén as tiña o de Tui). Estas dúas fachadas permitían suxestivos contrastes sonoros e ecos. A caixa está abondo decorada e destacan os anxos con instrumentos musicais pintados na fachada traseira.

No paso pola cidade de Ourense visitaremos outro interesante instrumento: o órgano Walcker da parroquia de Santa Eufemia, do ano 1913. É un estupendo instrumento, dos poucos órganos pneumáticos da nosa comunidade que se atopa en bo estado de funcionamento. De estética romántica, polo tanto moi diferente dos outros da rolda, será un bo contrapunto para explicar os cambios que experimentaron estes instrumentos ao longo do século XIX.



## >> Obradoiro de achegamento á música antiga

Muíños de marea Pozo de Cachón, Muros (A Coruña)

Sábado 28 de setembro >> 18.00 h

OUTRAS ACTIVIDADES

UNHA CITA COA MÚSICA ANTIGA E COS SEUS INSTRUMENTOS, PARA COÑECELOS E GOZAR DELES: OS INSTRUMENTOS ANTIGOS DE CORDA

**Arquímedes Artal:** viola de gamba e *lirone*

**Fernando Reyes:** guitarra barroca, vihuela, tiorba, *colascione* e outros

**Manuel Vilas:** arpa dobre, arpas medievais

Modera: **Andrés Díaz**

Por que ese instrumento ten un mastro tan longo? Cantas cordas ten unha tiorba? Por que unha arpa medieval é tan pequena? Sabías que un *lirone* é

un instrumento musical e non un animalíño que dorme moito? Estas e outras moitas preguntas terán resposta na proposta didáctica que Espazos Sonoros lle dedica á música antiga e aos seus instrumentos. Se a primeira edición estivo dedicada ás diferentes familias de instrumentos e a segunda aos instrumentos antigos de vento, esta terceira centrarase integramente nos instrumentos de corda pulsada e fretada.

Dirixido e moderado por Andrés Díaz, o obradoiro contará coa presenza dalgúns dos nosos máis expertos e internacionais músicos antigos. Fernando Reyes, Arquímedes Artal e Manuel Vilas tocarán xuntos e falarán, nun contexto distendido e ameno, dos seus instrumentos, da época na que se tocaban e da música escrita para eles.

Ademais, esta cita terá lugar nun espazo singular e fermoso, o muíño de marea Pozo de Cachón, unha construción industrial situada no fondo da ría de Muros, rehabilitada nos anos noventa e que poderemos visitar antes do obradoiro.

**Capacidade máxima:** 60 persoas

**Inscripción:** do 14 ao 25 de setembro en [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

**Público:** para todos os públicos, con ou sen coñecementos de música



## >> Visita guiada ao muíños de marea Pozo de Cachón

Muíños de marea Pozo de Cachón, Muros (A Coruña)

Sábado 28 de setembro >> 17.30 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Para os participantes no Obradoiro de achegamento á música antiga está prevista unha visita guiada ao antigo muíño de marea, unha interesante instalación industrial da primeira metade do XIX, de grandes dimensións, que aproveitaba o fluxo das mareas para o seu funcionamento.



## Caxade ...///

Salgadeiras de Moreiras, O Grove (Pontevedra)

Domingo 29 de setembro >> 19.00 h

**Alonso Caxade:** voz e acordeón  
**María da Pontraga:** voz e pandeira  
**Manuel Paino:** trompeta e bombo  
**Manuel Espinho:** bombardino

Alonso Caxade, acordeonista en PELdeNOZ, no Cuarteto Caramuxo e bombardinista na Orquestra Os Modernos, presenta o seu novo proxecto persoal, que iniciou en setembro de 2012 coa publicación da súa primeira videocreación *Dança dos Moscas*.

A boa aceptación que tivo a presentación deste primeiro traballo viuse superada pola seguinte produción presentada un mes despois, *Gente Pota*,

peza nomeada aos Premios Mestre Mateo 2013. *Sr. Xorda*, a súa terceira estrea, supuxo o asentamento deste proxecto. Ao tempo, Caxade comeza a traballar na creación dunha banda para interpretar as músicas, banda coa que agora se presenta e coa que obtivo o primeiro premio no Certame Música Xove'12.

O proxecto en solitario de Caxade defínese a si mesmo como música elegante, modesta e sinxela, cun discurso metafórico e reivindicativo, con arrecendo de surrealismo posmoderno, que encaixa coas demandas da sociedade actual.

[caxade.wordpress.com](http://caxade.wordpress.com)



## >> Visita guiada ao conxunto industrial de Moreiras

Punta Moreiras, O Grove (Pontevedra)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 29 de setembro >> 18.00 h

Na punta Moreiras, concello do Grove, atopamos unha serie de vestixios de instalacións industriais vinculadas á conservación e á salga do peixe, cunha actividade que se remonta ao século XVIII. Xunto ás fábricas de Moreiras, rehabilitadas como Museo Etnográfico da pesca e da salga, poderemos visitar tamén os restos da antiga fábrica construída pola familia Goday en 1790. Unha oportunidade única para coñecer unha importante parte do noso pasado industrial marítimo.

Logo da visita, ás 19.00 h, concerto de Caxade na fábrica de Moreiras.



Mércores 2 de outubro >> 20.00 h

## DESASSOSSEGO

UN RECITAL TEATRAL SOBRE O DESASOSEGO

Iria Pinheiro  
Jesús Andrés

DandyLady é unha formación integrada por Iria Pinheiro (actriz) e Jesús Andrés (músico), dous artistas que veñen desenvolvendo o seu traballo xuntos desde 2007 en proxectos musicais de diferentes estilos, como música disco, pop, cabaret ou danza. Colaboran en formacións como Mosca Gogó, Siesta Continental e proxectos coma o ciclo *Mércores no solpor* do Museo Verbum, *Churra e Merina* ou *Nexus 6*, da Cía. Branca Novoneyra, entre outros.



*Desassossego* é un espectáculo que se podería definir como poesía escénica e que xira arredor do desacougo, un recital teatral-musical ao que lle poñen letra seis poetas galegas, xunto con outras tres do resto da Península: Branca Novoneyra, Olalla Cociña, Lupe Gómez, Lucía Aldao, Esther F. Carrodeguas, Xiana Arias, Luci Romero, María Salgado, Adília Lopes; ademais de Fernando Pessoa e de Lois Pereiro. O título inspírase no *Livro do desassossego*, de Fernando Pessoa, e o primeiro texto desa obra, “A morte do príncipe”, abre o recital. Tamén se inclúe na escolma o poema de Lois Pereiro, “Dandy”, que inspirou o propio nome do grupo.

A tecnoloxía dos anos 70, un proxeccionador de diapositivas, radiocasetes, transistores, un *pick up*, unha máquina de fotos analóxica ou unha máquina de escribir serven de ferramentas para falar da inquietude a través da poesía e da música, nun espectáculo no que tamén se empregan rexistros sonoros de momentos e espazos que se senten como desacougantes, como un centro comercial ou o son do funcionamento do ascensor desde o interior dunha vivenda.

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Mércores 2 de outubro >> 19.00 h

Un banco de óptica que ten como fonte de luz un arco eléctrico, unha máquina pneumática de Bianchi, mapas, libros dos séculos XVI e XVII, figuras clásicas, incluída a dunha ra diseccionada, alambiques, un fol acústico ou un fonógrafo, son algúns dos obxectos que formaban parte dos gabinetes científicos do IES Lucus Augusti. A mediados do século XIX, e consonte o mandato da chamada Lei Moyano de 1857, os centros de ensino fóronse dotando daquel material que permitise un ensino das ciencias non só teórico, senón tamén experimental. Daquela época, consérvanse en varios centros galegos interesantísimas e descoñecidas coleccións,

en xeral en moi bo estado de preservación, grazas ao coidado que o persoal dos centros puxo con este legado, do que aínda hoxe podemos gozar e co que aínda é posible incluso visualizar, e mesmo demostrar, os diferentes fenómenos físicos e químicos para os que foron adquiridos.

A visita guiada fará un percorrido pola exposición permanente do fondo histórico-educativo do centro, da man de expertos que nos ilustrarán sobre as diferentes pezas e a súa funcionalidade.

Logo da visita, ás 20.00 h, recital teatral de DandyLady



## Gothic Voices ...///

Igrexa de Santa María de Armenteira, Meis (Pontevedra)

Domingo 6 de outubro >> 19.00 h

### O GRAND TOUR MEDIEVAL

UNHA VIAXE MUSICAL PARA A DESCUBERTA ARREDOR DE EUROPA. OBRAS DE HILDEGARD VON BINGEN, LANDINI, MACHAUT, DUFAY E PEÑALOSA

**Catherine King:** mezzo-soprano

**Julian Podger:** tenor

**Leigh Nixon:** tenor

**Stephen Charlesworth:** barítono

Houbo unha vez un tempo no que a educación de calquera aspirante a cabaleiro inglés non era completa ata que este emprendía o *Grand Tour*, unha rolda arredor de Europa para coñecer as principais culturas e linguas doutros países. Tomando como argumento esta travesía de aventura e descuberta dos cabaleiros medievais, o programa de concerto de Gothic Voices en Espazos Sonoros convídanos a realizar unha viaxe musical para percorrermos as obras seculares e sacras máis deliciosas de cinco países, a través de seis séculos de historia.

O punto de partida será a Alemaña da abadesa Hildegard von Bingen, á que volveremos ao final do programa para percorrermos, entre tanto, terras inglesas, francesas, italianas e españolas, visitando espazos musicais de primeira orde e coa escoita de obras de grandes compositores dos séculos

XI ata o XVI, coma Francesco Landini, Guillaume de Machaut, Guillaume Dufay ou Francisco de Peñalosa.

Gothic Voices, fundado hai xa vinte e cinco anos polo músico e investigador inglés Christopher Page, é un dos grupos vocais de maior sona en todo o mundo, amplamente coñecido por unha técnica e unha espiritualidade únicas coas que se confrontan e difunden os repertorios da música medieval europea. Cunha dilatada carreira que os levou aos máis destacados escenarios do mundo e a obter numerosos premios e unha ampla produción discográfica, Gothic Voices preséntase por vez primeira en Galicia nun dos espazos mais fermosos do noso románico de transición cisterciense, Santa María de Armenteira.

[gothicvoices.co.uk](http://gothicvoices.co.uk)



## >> Escoitas arredor de... Emilio Cao

Centro Galego de Arte Contemporánea, Santiago de Compostela (A Coruña)

Venres 11 de outubro >> 20.00 h

OUTRAS ACTIVIDADES

### Emilio Cao: arpa

O noso pequeno espazo de conversa e música ao vivo volve ao Centro Galego de Arte Contemporánea en Compostela e faino da man dun dos nosos máis senlleiros músicos de Galicia, o arpista e cantautor Emilio Cao. Fundador e memoria viva da etiquetada como música celta, artista cunha fonda traxectoria como concertista, Emilio Cao compartirá co público as súas experiencias vitais e a súa música.

Emilio Cao, compositor, arpista e cantante, é un dos músicos pioneiros e referente dentro da música folk e o primeiro que recuperou a arpa como instrumento para interpretar música tradicional, como continuador da tradición trobadoresca medieval. Con máis de trinta anos de traxectoria profesional e concertos en escenarios de toda Europa, Emilio Cao leva publicados diversos traballos discográficos, sempre vinculados á poesía, e realizou numerosos proxectos musicais, como bandas sonoras para teatro, audiovisuais e danza contemporánea.

[emiliocao.com](http://emiliocao.com)



## >> Visita guiada ao castro de Baroña

Castro de Baroña, Porto do Son (A Coruña)

Sábado 12 de outubro >> 16.00 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

VISITA GUIADA AO CASTRO DE BAROÑA E BREVE RELATORIO DE CONTEXTUALIZACIÓN: "O FENÓMENO SONORO NA CULTURA CASTREXA: UNHA LECTURA A TRAVÉS DOS TESTEMUÑOS LITERARIOS", A CARGO DE LORENA LÓPEZ COBAS

Unha xornada para aproveitar, ao aire libre, un percorrido guiado polo castro costeiro de Baroña, que se complementará cunha visita ao Centro de Interpretación do castro, en Porto do Son, no que a investigadora Lorena López Cobas falará do papel que se supón que tivo o elemento sonoro na cultura castrexa a partir das fontes e referencias literarias existentes.

**Lorena López Cobas** é investigadora e docente, e combina estas dúas facetas coa da interpretación

musical. Profesora titular do conservatorio de Ourense, é titulada superior en frauta travesa, licenciada en Historia da Arte e en Historia e Ciencias da Música e autora do libro *Historia da Música en Galicia*, editado en 2013 por Ouvirmos, no que a autora ofrece unha panorámica xeral da historia da música galega.

**Capacidade máxima:** 35 persoas

**Inscrición:** do 28 de setembro ao 9 de outubro en [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

**Lugar de encontro:** no punto de acceso e baixada ao castro

**Non esquezas:**

- \_Calzado cómodo para camiñar
- \_Un impermeable por se chove



## Cía. trasPediante ...///

Fábrica de Cerámica de Sargadelos, Cervo (Lugo)

Domingo 13 de outubro >> 19.00 h

### HABELAS

DANZA CONTEMPORÁNEA CON MÚSICA AO VIVO

**Marta Alonso e Begoña Cuquejo:** movemento  
**Ariel Ninas:** zanfona, pandeiro e electrónica  
**Paulina Funes:** iluminación  
Dirección: **Begoña Cuquejo**

*Habelas* é unha peza escénica multidisciplinar que mestura a música en directo, a danza contemporánea, a maxia e o audiovisual, e que recolle da memoria colectiva a nosa relación entre os ritos populares e o corpo. A través de diferentes linguaxes escénicas, a obra recrea un contexto fantástico e misterioso no que se incorporan as principais simboloxías da maxia en Galicia, ao tempo que achega temas sociais como a categorización da muller ou aquelas pantasma e presenzas que amolan o individuo e que se manifestan a través dos nosos pensamentos ou da nosa propia situación.

O eixe da creación parte do tratamento da danza como expresión do corpo, arredor dun discurso paralelo que flúe do son presente na música e na voz (Concha de Luneda). O título *Habelas* vén dado pola personaxe principal da obra, a meiga, e fai referencia ao refrán popular tan común na tradición oral galega: “eu ver nunca as vin, pero habelas, hainas”.

*Habelas* foi gañadora do Premio Injuve 2010.

Fundada en 2008 por Marta Alonso e Begoña Cuquejo, Cía. trasPediante realizou, ademais, pezas escénicas como *Baleadas*, *O vestido verde*, *Nin1mm*, *Planificar a caída* ou *Track 6*. A compañía promove tamén outros proxectos relacionados coa danza, como obradoiros e traballos coreográficos, nos espazos de danza das universidades de Vigo e de Santiago de Compostela, e a organización do festival de danza Corpo(a)terra de Ourense.

[traspediante.blogspot.com.es](http://traspediante.blogspot.com.es)



## >> Visita guiada ao conxunto histórico das antigas Reais Fábricas de Sargadelos

Sargadelos, Cervo (Lugo)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 13 de outubro >> 17.00 h

Xunto ao moderno complexo industrial de Sargadelos, atópase o conxunto histórico formado polos restos das Reais Fábricas Siderúxicas e Cerámicas, fundadas a finais do século XVIII por Antonio Raimundo Ibáñez, marqués de Sargadelos, figura senlleira da nosa primeira Ilustración.

A súa siderurxia, concibida como unha siderurxia integral, empregaba sistemas industriais revolucionarios e constituíu un dos primeiros altos fornos que funcionaron en España con carbón vexetal. Dela saíron moitos dos canos, cadeas, rodas hidráulicas, útiles de cociña e demais ferramentas das que se empregaban na España do século XVIII. Mesmo chegaron a crearse fermosos conxuntos escultóricos, fontes públicas e balaustradas decorativas que aínda se poden recoñecer nalgunhas cidades galegas.

A fábrica de louza comezou as primeiras probas no ano 1806, favorecida pola calidade destacada dos xacementos de caolíns existentes nas proximidades de Sargadelos. O complexo pechou a finais do século XIX e foi na década dos setenta, coa posta en marcha da nova fábrica de cerámica, cando aparece un renovado interese polo pasado histórico e pola conservación dos restos das antigas fábricas que poderemos visitar nesta xornada de Espazos Sonoros.

O paseo levaranos uns 900 metros a carón do río, a través do chamado Camiño Real, e nel visitaremos os muíños, a canle hidráulica, a fermosa ferverza do Paseo dos Namorados e o recinto da siderurxia, para achegármonos aos restos do noso pasado industrial do XVIII. De volta, visitaremos a Casa da Administración, hoxe sede do Museo Histórico de Sargadelos.

Logo da visita, ás 19.00 h, assistiremos a un espectáculo de danza contemporánea da Cía. trasPediante, no Auditorio de Sargadelos.

**Punto de encontro:** onda a marquesiña ondulada de formigón do aparcadoiro da moderna fábrica de Sargadelos.



## The Delightful Companion ...///

Museo Massó, Bueu (Pontevedra)

Sábado 19 de outubro >> 20.00 h

### CONCERTO DE IMPROVISACIÓN LIBRE

**Javier María López Rodríguez:** frauta, frauta contralto en sol  
**Vadim Yukhnevich:** acordeón  
**Pablo Pérez:** contrabaixo

Está o músico atado á partitura que lle ofrece o compositor? É máis libre o músico sen partitura? Está tamén atado o improvisador á súa bagaxe de atavismos, mentres que o músico convencional é libre sobre a partitura? É a improvisación froito do azar puro ou, pola contra, pode ser froito dun proceso creativo coherente e organizado?

A improvisación é unha práctica que se estendeu nas últimas décadas a outros xéneros máis alá do jazz para establecerse, a finais do século XX, como unha corrente musical de seu. Aínda que próxima no tempo e presente ao longo da historia da música, son poucas as claves das que dispoñemos para comprender esta linguaxe musical.

The Delightful Companion –formación integrada polos músicos Javier María López Rodríguez, Vadim Yukhnevich e Pablo Pérez– abre unha páxina dentro da programación de Espazos Sonoros dedicada ás linguaxes musicais contemporáneas, cun concerto arredor da improvisación libre.

Con carácter previo ao concerto, ás 18.30 h, o público poderá participar nun pequeno obradoiro de achegamento á teoría e á práctica da improvisación.



## >> Obradoiro arredor da improvisación musical

Museo Massó, Bueu (Pontevedra)

Sábado 19 de outubro >> 18.30 h

### OUTRAS ACTIVIDADES

#### ABERTO, PECHADO, LIBRE OU ATADO OBRADOIRO ARREDOR DA IMPROVISACIÓN MUSICAL

Da man dos compoñentes do proxecto The Delightful Companion, daremos os nosos primeiros pasos para entrarmos no apaixonante mundo da improvisación.

A improvisación estivo sempre presente ao longo da historia da música como método para a creación musical. Durante séculos, foi pedra angular na formación de todo tipo de músicos e a meirande parte dos organistas ou intérpretes de instrumentos de tecla de calquera época foron grandes improvisadores.

Nos nosos días é recoñecida como elemento esencial dentro do jazz e converteuse nunha corrente musical de seu a través da chamada improvisación libre, pero aínda son moitos os prexuízos e grande é o descoñecemento que existe arredor dela. Na composición o proceso de creación é anterior á interpretación da peza diante do público; na improvisación o improvisador crea a obra diante deste. Pero esta creación no acto e de maneira espontánea non quere dicir que se trate dunha música aleatoria, froito do azar, nin que os músicos articulen con ela un discurso incoherente tirado da nada, senón todo o contrario.

Baixo o suxestivo título de Aberto, pechado, libre ou atado, e dirixida polo docente, músico e compositor galego Javier María López Rodríguez, propóñenos unha actividade que nos permitirá participar activamente nese proceso de creación colectiva que é a improvisación libre. Para participar non tes por que saber música e, se es músico, vas gozar, sen dúbida, da proposta. Calquera pode ter o seu posto nesta orquestra improvisada.

A actividade rematará cun concerto de improvisación libre a cargo da formación The Delightful Companion.

**Capacidade máxima:** 50 persoas

**Inscrición:** do 5 ao 16 de outubro en [actividades@espazossonoros.org](mailto:actividades@espazossonoros.org)

Na inscrición deberase facer constar se se teñen ou non coñecementos de música e, de ser o caso, o instrumento que se achega á actividade

#### **Público:**

\_Actividade para todos os públicos e nenos maiores de 8 anos. Para persoas con e sen coñecementos de música

\_Recoméndase que os participantes levan un instrumento musical, incluída a voz ou o propio corpo ou todo tipo de artefactos sonoros (reclamo, asubío, carraca, botella para soprar etc.)

# Música Acordada, conxunto instrumental barroco ...///

Igrexa do mosteiro de San Rosendo de Celanova (Ourense)

Domingo 27 de outubro >> 20.00 h

CLAUSURA

## DE CORDAS, TUBOS E TECLAS

OBRAS DE HAENDEL, CORRETTE, GEMINIANI E JOSE ANTONIO DE SEIXAS

**Roberto Santamarina, M.<sup>a</sup> Xosé Pámpano, Carmen Varela, Nieves Marcos:** violíns primeiros  
**Benito Buide, Montse Ferreiro, Jorge González, Antonio Ferreiro:** violíns segundos  
**Belén Ferreiro, Itsaso Bermejo:** viola  
**Maika Novoa, Noia Suárez:** violonchelo  
**Alfonso Morán:** contrabaixo  
**Valentín Novio:** guitarra barroca  
**Lorenzo de los Santos:** clave

**Marisol Mendive:** órgano

Música Acordada é un dos máis recentes e prometedores proxectos do panorama musical galego. Inicia as súas actividades en 2012 cando varios músicos e profesores de corda de diferentes conservatorios de Galicia, interesados na interpretación da música dos séculos XVII e XVIII, deciden formar unha orquestra para afrontaren os repertorios propios do Barroco.

Aínda que o conxunto instrumental non emprega exclusivamente instrumentos de época, nas súas interpretacións intenta ofrecer a sonoridade e a estética máis próxima á que se supón propia deste período da historia da música, a partir de criterios historicamente informados e das fontes máis próximas ás orixinais. De feito, algúns dos membros desta orquestra contan cunha formación especializada e son integrantes de recoñecidas agrupacións dedicadas á interpretación da música antiga.

O conxunto instrumental estreará en Espazos Sonoros o seu novo proxecto De Cordas, tubos e teclas, xunto á organista Marisol Mendive, un programa centrado no papel do órgano como instrumento solista no Barroco, xa que son poucos os autores que escribiron concertos para órgano e conxunto orquestral, entre eles, algúns dos que aquí se interpretarán.





# Espazos sonoros

Espazos... 2013 >>



[www.espazossonoros.org](http://www.espazossonoros.org)

# San Salvador de Camanzo

Vila de Cruces (Pontevedra)

**Domingo 8 de setembro, 20.00 h >> Il Combattimento  
CONCERTO INAUGURAL**

San Salvador de Camanzo é un antigo mosteiro medieval situado na aldea do mesmo nome, en Vila de Cruces (Pontevedra), nun alto sobre o val do Ulla. Foi un cenobio erixido no século X polos condes de Deza, fundadores tamén de Carboeiro, sobre unha antiga igrexa prerrománica. Nun principio, foi mosteiro de monxes e, posteriormente, de monxas bieitas.


En 1115, o mosteiro pasou a formar parte da igrexa compostelá por doazón de dona Urraca. Ademais dos privilexios que o arcebispo Xelmírez lles cedeu aos monxes de Camanzo polas atencións que lle prestaran durante o seu confinamento no castelo de Ciria, en Silleda, o mosteiro foi obxecto doutras importantes doazóns por parte de señores de Galicia, polo cal chegou a acadar unha certa importancia na súa época. En 1516, convertido xa en convento de monxas bieitas, foi incorporado ao mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares e disque alí se recollían as monxas santiaguesas en tempo de peste e de invasións.

A igrexa conserva a planta basilical primitiva con tres naves e tres ábsidas circulares. A fachada principal foi reconstruída e elimináronse os rosetóns, pero mantén a porta principal de dobre arquivolta engalanada con bustos de anxos coas

mans erguidas en oración e a imaxe en pedra do san Salvador no alto, coroado e barbado, dando a bendición coa man dereita, mentres sostén na esquerda o rolo da lei. No interior, destaca a bóveda de canón que cobre a ábsida central, con pinturas murais do século XVI.

Do antigo mosteiro permanecen, ademais da igrexa, tres arcadas da antiga sala capitular. Unha porta aberta na fachada norte con reminiscencias visigóticas e decorada no alto cun *agnus dei* conducía ás antigas dependencias do mosteiro. Na actualidade, a porta dá acceso a un fermoso patio no se que se conserva unha parra de máis de trescentos anos de antigüidade. Tamén se conserva o antigo lagar de pedra e madeira onde as monxas prensaban as uvas para faceren o viño.

A Xunta de Galicia abordou a súa restauración máis recente, rematada en setembro de 2012, que se centrou na cuberta da igrexa e no acondicionamento das estruturas do patio interior.



## Museo Etnolóxico de Ribadavia

Ribadavia (Ourense)

**Sábado 14 de setembro, 20.00 h >> Marcos Teira**

(Coñece o teu patrimonio: ás 12.45 h, coñece a cultura vitivinícola do Ribeiro)

Situado na histórica vila de Ribadavia (Ourense), o museo ocupa a antiga casa do marqués de Baamonde, un interesante pazo urbano cunha orixe que podería remontarse ao século XVI, aínda que sufriu, posteriormente, diversas modificacións. O edificio conserva aínda dependencias da antiga fábrica, como a cociña, o forno e as adegas, e ten no seu interior un fermoso patio que dá entrada a diferentes zonas do pazo.

En 1908, foi adquirido por D. José Martínez Vázquez, quen no seu testamento deixou disposto que o edificio fose destinado a sede benéfico-docente, co nome de Fundación Martínez Vázquez. Así, o pazo desenvolverá unha función docente e acollerá, entre outros, os irmáns Maristas, o Colexio Akademos ou o Instituto Laboral.

En 1978, foi cedido polo Concello de Ribadavia ao Ministerio de Cultura, que acorda convertelo na sede do Museo de Artes y Costumbres Populares, que foi creado en 1969 a iniciativa de Chamoso Lamas. Posteriormente, funcionou como sección etnográfica do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. No ano 1993, e unha vez transferida a súa xestión á Xunta de Galicia, deixa de ser sección etnográfica do museo provincial ourensán, e adquire plena entidade de museo, coa denominación de Museo Etnolóxico de Ribadavia.

Os fondos do museo están integrados por obxectos do s. XIX ata os nosos días. Entre eles destaca a cerámica procedente de varios núcleos de produción autóctona, tecnoloxía e produción téxtil artesanal, aveños de labranza, mobiliario doméstico, apeiros de pesca fluvial, instrumentos de medida, obxectos asociados ao coidado da vide e á produción e almacenaxe do viño, obxectos representativos de oficios tradicionais, maquinaria agrícola e motores da primeira metade do s. XX, electrodomésticos, fondos de indumentaria de grupos folclóricos e, con menor representatividade, xoguetes e material escolar.

[museoetnoloxico.ribadavia-blog.xunta.es](http://museoetnoloxico.ribadavia-blog.xunta.es)



## IES Lucus Augusti

Lugo

**Mércores 2 de outubro, 20.00 h >> DandyLady**

(Coñece o teu patrimonio: ás 19.00 h, visita guiada polos gabinetes científicos do IES)

Máis alá do interese arquitectónico da actual sede do centro de ensino secundario Lucus Augusti, co seu espléndido recibidor, o pórtico iluminado por un lucernario con vidreiras, o seu salón nobre, a biblioteca ou a pequena capeliña, o instituto de Lugo é unha institución de primeira orde na historia cultural e educativa do noso país.

Creado por real decreto en 1842, pódese considerar o decano dos institutos de Galicia. Porén, o centro non dispuxo dun edificio de seu ata a segunda metade do século XX, o que obrigaría a cambios continuos de sede, ata o traslado á actual na avenida de Rodríguez Mourelo en 1951.

Polo seu claustro pasaron ilustres persoeiros da intelectualidade galega, como o químico José Rodríguez Mourelo, o matemático Luís García, Xosé Filgueira Valverde, Antón Fraguas ou Salvador Velayos (pai do eminente físico español de comezos do século XX do mesmo nome). Nos seus bancos sentaron tamén unha chea de alumnos tan destacados coma Álvaro Cunqueiro, Antón Vilar Ponte ou Ánxel Fole.

Ao tratarse dun dos centros educativos máis antigos de Galicia, hai nel abondoso material procedente dos gabinetes científicos que se crearon na segunda

metade do século XIX, co obxectivo de introducir a experimentalidade no ensino (xerme dos actuais laboratorios dos centros). Así, podemos atopar interesantes obxectos que cubrían as diferentes áreas de coñecemento: Física, Química, Historia Natural, Matemáticas, Xeografía, Agronomía ou Astronomía. A pesar do tempo transcorrido, todo este material chegou ata os nosos días nun estado de conservación sorprendente, grazas ao celo do profesorado que o coidou e gardou ao longo dos anos e que en Espazos Sonoros teremos o pracer de visitar da man de responsables do centro.





# Castro de Baroña

Porto do Son (A Coruña)

## Sábado 12 de outubro, 16.00 h

Visita guiada ao castro e conferencia "O fenómeno sonoro na cultura castrexa: unha lectura a través dos testemuños literarios", a cargo de Lorena López Cobas

Os castros son lugares de habitación e refuxio fortificados, de forma circular ou oval, dotados dunha serie de sistemas defensivos arredor dos cales floreceu a denominada cultura castrexa entre a fin da Idade do Bronce, os séculos VIII e VII a. C., e a época da romanización no século I d. C.

Existen castros no litoral costeiro vinculados a unha actividade económica onde predominan a pesca e o marisqueo, castros en vales dedicados á agricultura e á gandería ou ben en montañas onde predomina a minería, a metalurxia ou a gandería. A localización dos castros ten sempre un carácter defensivo, ben nun alto no que é difícil o acceso, cun dominio visual do contorno, ou ben nun istmo no litoral, onde só é posible acceder por un único lugar. En canto ás dimensións, son moi variables, desde castros de pequenas dimensións cuns centos de metros cadrados, ata castros coma o de San Cibrao de Las (Ourense), de 180.000 m<sup>2</sup>.

Espazos Sonoros achégase nesta edición a dous dos máis representativos castros da nosa xeografía, o de Baroña, na costa, e o de Viladonga, no interior.

O castro de Baroña atópase no lugar de Punta do Castro, na parroquia de Baroña, e sitúase nunha península. A referencia máis antiga que se ten del é do padre Sarmiento, dunha viaxe que fai por

Galicia en 1754. Pero non foi escavado ata 1933 e, posteriormente, en sucesivas etapas, entre os anos 1969 e 1970 e entre 1980 e 1984. Recentemente, leváronse a cabo traballos de consolidación do castro para frear a deterioración que estaba a sufrir pola acción do mar. Parece que foi un castro de vida curta, habitado entre os séculos I a. C. a I d. C., aínda que tampouco se descarta unha ocupación anterior. A actividade no castro era probablemente marisqueira e pesqueira, como parecen indicar os cuncheiros atopados, e tamén gandeira. Probablemente tamén existiu nel actividade comercial, a vulgar polos restos de ánforas romanas para o viño. Tamén se atoparon nas escavacións restos que poderían dar testemuño dunha certa actividade metalúrxica e vestixios dunha posible actividade artesanal.

No istmo que dá acceso ao castro, escavouse un foso que podería constituir unha primeira liña defensiva. A continuación, hai unha muralla de dous valos de cachote e recheo de xabre e pedras. Outra muralla dá acceso aos habitáculos a través dunha porta cunha elegante e ampla escalinata de pedra. En total, hai unhas trinta casas escavadas de planta circular e oval.

Pola súa importancia e singularidade, foi declarado BIC en 2011.

# Castro de Viladonga

Castro de Rei (Lugo)

**Domingo 15 de setembro, 20.00 h >> Odaiko Percussion Group**  
(Coñece o teu patrimonio: ás 18.00 h, visita guiada ao castro e ao museo de Viladonga)

Localizado na Terra Chá luguesa, o castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo) representa un verdadeiro modelo formal de castro característico do noroeste, con varias murallas e fosos, que albergan dous antecastros e unha ampla acrópole ou croa central. Neste recinto principal é onde se atopan a maioría das construcións descubertas ata agora: vivendas, currais e almacéns e algún edificio de uso social ou comunal, agrupadas todas elas formando conxuntos ou vilares que se articulan arredor de dúas rúas principais e dun carreiro paralelo á muralla principal.

As estruturas defensivas e de habitación, así como os moi abundantes materiais que continuamente aparecen neste xacemento arqueolóxico, evidencian que o castro tivo unha ocupación duradeira e especialmente importante, sobre todo entre os séculos II e V d. C., o que o converte nun sitio clave para coñecer, estudar e comprender a evolución do mundo dos castros e do ámbito rural na etapa galaico-romana.

O xacemento castrexo e galaico-romano de Viladonga comezouse a escavar en 1972 (ata 1978 por M. Chamoso Lamas, e desde 1982 baixo a dirección de F. Arias Vilas) e continúan nel, de forma periódica, os traballos arqueolóxicos tanto

de escavación coma de limpeza e de consolidación.

A importancia arqueolóxica e o interese histórico do castro de Viladonga, así como a cantidade e a calidade dos materiais aparecidos nas escavacións, e a necesidade de investigalos e de expoñelos no seu propio contexto, motivaron a creación do Museo do Castro de Viladonga, nun edificio construído nos anos setenta e que se abriu ao público en 1986. En 1990, a súa xestión foi transferida á Xunta de Galicia e, entre 1992 e 1994, foi ampliado e reformado, coa construción dun novo edificio a carón do xa existente. En decembro de 2009, foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC).

[aaviladonga.es](http://aaviladonga.es)



# Santa María a Real

Xunqueira de Ambía (Ourense)

**Domingo 22 de setembro, 19.00 h >> Marisol Mendive e Andrés Díaz**

(Cofece o teu patrimonio: roldas pola paisaxe organística galega, os órganos de Ourense. Hora e lugar de encontro: ás 11.00 h, no adro da igrexa de Santa María a Real de Xunqueira de Ambía)

A ex-colexiata de Xunqueira de Ambía, co seu esplendor románico, evidencia o rico pasado histórico do templo e da vila. Segundo a lenda, a súa orixe está na aparición dunha imaxe da Virxe nunha pequena lagoa chamada da Xunqueira, onde se levantou unha capela, base do futuro templo.

No século XII, o mosteiro, daquela reducido a priorado, pasa a pertencer á regra de Santo Agostiño. A época medieval foi de grande esplendor grazas á visita dos peregrinos a Santiago de Compostela, alentados pola lenda e pola devoción á Virxe da Xunqueira.

Incitada pola reforma renacentista da catedral de Ourense, no século XVI, agroma unha necesidade de renovación da fábrica, patrocinada por don Alonso de Piña, chantre de Ourense e prior de Xunqueira de Ambía, que lla encarga ao portugués Bartolomeu de Nosende. O priorado pasa a ser colexiata e anexionase á diocese de Valladolid en tempos de Felipe II. Declarada monumento nacional en 1931, é unha das xoias do románico galego, aínda que presenta elementos de estilos posteriores.

Unha colexiata cunha historia de esplendor coma a de Xunqueira xustifica a presenza dun dos mellores órganos históricos conservados en Galicia, tanto no referido á caixa barroca como ao propio instrumento, ambos os dous datados nos anos centrais do século XVIII. Construído polo organista compostelán Manuel González Maldonado e polo escultor Juan de San Martín de Celanova, é dos poucos instrumentos de Galicia que mantén na súa práctica totalidade todos os seus elementos orixinais. En definitiva, un magnífico exemplar de órgano de estilo barroco ibérico para gozar en Espazos Sonoros.





# Muíños de marea Pozo de Cachón

Muros (A Coruña)

**Sábado 28 de setembro, 18.00 h** >> Obradoiro de achegamento á música antiga  
(Coñece o teu patrimonio: ás 17.30 h, visita guiada ao muíño de marea Pozo de Cachón)

A xeografía galega, debido á súa densa rede fluvial e á amplitude de mareas nas rías, favorece a existencia de abundantes muíños que aproveitan a forza da auga na transformación das materias primas.

O muíño é unha das mostras de arquitectura popular que máis abunda na paisaxe galega, xa que está vinculado á fabricación dun elemento básico da alimentación, o pan, mediante a moenda do gran. Os muíños de marea son os menos numerosos e constrúense en Galicia desde os séculos XV ou XVI. Son muíños situados na costa e precisan para o seu funcionamento que o seu lugar de localización cumpra determinadas características: por unha banda, que as mareas se fagan sentir sensiblemente, como sucede nas rías galegas; e, por outra, unha liña de costa recortada. Así, fórmase un amplo encoro por medio dunha presa que se enche cando a marea sobe e que se baleira cando baixa, o que provoca unha forte corrente de auga que pon en funcionamento o mecanismo de trituración.

O muíño de marea Pozo de Cachón, situado no fondo da enseada de Muros (A Coruña), no chamado Agro das Mareas, data da segunda década do século

XIX. É o muíño máis grande de Galicia e un dos máis importantes de Europa. Ten cuberta a dúas augas e consta de dúas plantas, unha planta baixa, onde están as seis entradas de auga con cadansúa comporta, e unha planta superior na que se atopan as pedras de moer e unha lareira.

A súa construción levouna a cabo Ignacio Pérez Bazarra sobre uns terreos doados polo gremio de mareantes da vila, impulsado polo aumento do cultivo do millo e pola diminución do caudal de auga nos ríos no verán, o que dificultaba a moenda do gran. A finais do XIX, engadíuselle o edificio anexo dedicado primeiro a serradoiro e convertido, a partir de 1914, en casa de baños especializados no tratamento de enfermidades de tipo reumático, e que se coñecen como os Baños de Santa Rita.

O edificio foi abandonado entre os anos 50 e 70 do pasado século; primeiro, o muíño e, despois, a casa de baños. Este último espazo foi empregado ata os anos 70 como almacén de gran e de aparellos de pesca. A rehabilitación comezou no ano 1990 da man do arquitecto Jesús Anaya Díaz e rematou en 2005. Actualmente, funciona como centro cívico e cultural e nel pódese visitar o que foi o antigo muíño.



# Salgadeiras de Moreiras, Museo Etnográfico da Pesca e da Salga

O Grove (Pontevedra)

**Domingo 29 de setembro, 19.00 h >> Caxade**

(Coñece o teu patrimonio: ás 18.00 h, visita guiada ao conxunto histórico industrial de Moreiras)

No lugar de Reboredo, parroquia de San Vicente do Grove, na chamada Punta Moreiras, atópase un conxunto de elementos pertencentes ao patrimonio industrial marítimo, unha serie de instalacións industriais vinculadas no pasado á salga e á conserva. A súa actividade remóntase ao século XVIII e desenvolveuse ata mediados do século XX.

No conxunto, distínguense unha edificación máis antiga, a fábrica de salgas de Goday, construída pola familia Goday en 1790, e a fábrica de Moreiras, dúas naves construídas en 1907 e dedicadas á salga e á elaboración de conservas de peixe.

A fábrica foi edificada na liña mesma do mar, como era costume, en xeral, para este tipo de factorías no século XIX, próximas á beira, en enseadas protexidas e con doado acceso para as pequenas embarcacións que descargaban a sardiña. Consta de dúas naves dunha única planta baixa disposta en forma rectangular, e de muros de pedra de cantería con cuberta a dúas augas, acaroadas lonxitudinalmente. A fábrica estivo en funcionamento ata 1960, época na que xa só funcionaba como cocadoiro de mexillóns.

As edificacións restáuranse completamente a comezos deste século, baixo a dirección técnica do arquitecto David Cacabelos Rico, que transformou o seu interior nun único espazo destinado, desde o ano 2007, a centro expositivo documental, investigador e museístico, así como á realización de actividades de conservación e divulgación do patrimonio marítimo, material e inmaterial.



# Santa María de Armenteira

Meis (A Coruña)

Domingo 6 de outubro, 19.00 h >> Gothic Voices

A orixe deste mosteiro atribúeselle a un cabaleiro da corte de Afonso VII, Ero, que o fundaría a mediados do século XII por mandado da Virxe. Coa idea de o incorporar á orde do Císter, pediulle a san Bernardo que lle mandase uns monxes que o axudasen a implantar as súas directrices. Esa busca espiritual de Ero é protagonista dunha famosa lenda galega de múltiples variantes e que aparece recollida nas propias Cantigas de Santa María de Afonso X o Sabio. Nela cóntase que Ero botou trescentos anos escoitando engaiolado o cantar dun paxaro tras pedirlle á Virxe que lle mostrase como era o Paraíso e, ao despertar, caeu morto ao ver que se cumprira o milagre.

A construción da igrexa comezou, probablemente, contra o 1167 e finalizaría arredor do ano 1220. En 1835, prodúcese a exclaustación definitiva dos monxes. Desde ese momento, o mosteiro sofre continuos saqueos. En datas máis recentes, instalouse nas súas dependencias e, tras algunhas restauracións, unha pequena comunidade de monxas cistercienses.

De influencia románica palpable, a arquitectura da igrexa está caracterizada pola austeridade, sinxeleza e funcionalidade que perseguían as construcións do Císter, cunha beleza baseada na proporción e na harmonía. Resulta así todo

un paradigma do rigorismo cisterciense e da súa obediencia á regra de san Bernardo de Claraval, de non interferir con distraccións ornamentais na oración e na meditación dos monxes.

A igrexa é de planta cruciforme, con tres naves no brazo maior e unha no cruceiro e tres capelas semicirculares na cabeceira. Na nave central e no transpeto, a bóveda é de medio canón apuntado e nas laterais de aresta. Este complexo sistema de bóvedas fixo preciso que se levantasen muros rexos apoiados exteriormente por contrafortes. No cruceiro álzase un ciborio de base octogonal abovedado interiormente pola súa cúpula, probablemente de ascendencia almohade.

O espesor do muro da fachada occidental permitiu a construción dunha amplísima arquivolta sen comparanza en Galicia. No corpo alto da fachada principal, ábrese un fermoso rosetón, un dos máis espléndidos de comezos do século XIII.

As obras previstas para a restauración da igrexa e dos accesos, impulsadas pola Xunta de Galicia e pola Deputación de Pontevedra, permitirán acondicionar a entrada, recuperar as fachadas, as carpinterías, os pavimentos e as instalacións da iluminación, así como a restaurar a magnífica fachada.



# Centro Galego de Arte Contemporánea

Santiago de Compostela (A Coruña)

Venres 11 de outubro, 20.00 h >> Escoitas arredor de... Emilio Cao



O edificio foi proxectado e construído entre 1988 e 1993 como espazo de difusión cultural para a reflexión sobre o panorama artístico actual. O seu arquitecto, Álvaro Siza Vieira, buscou encadrar un edificio vangardista no recinto arquitectónico barroco formado polo antigo convento de San Domingos de Bonaval (actualmente sede do Museo do Pobo Galego), a igrexa e a antiga horta do convento, con harmonía e respecto no espazo desta última.


O estilo da edificación, identificativo de Siza, é claramente racionalista, pero cunha visión romántica, ao tempo que vangardista, onde priman a luz e a cor branca. Para a súa construción procurouse un material que harmonizase exteriormente coa paisaxe urbana, o granito cortado en bloques, mentres que para o interior se empregaron materiais como granito emplastecido e pintado, mármore branco, madeira e cristal.

O edificio adáptase a unha área triangular que se abre nos seus espazos interiores coma se se tratase dun abano, limitado externamente por muros altos sen apenas aberturas, pero inundado internamente

de luz. A través dun vestíbulo, dáse acceso ás salas de exposición, ao auditorio e á biblioteca. A terraza superior, concibida orixinariamente como espazo expositivo, permite contemplar unha estupenda vista da zona histórica da cidade que permite entender a vontade integradora do autor do centro co seu contorno.

Dunha lectura pormenorizada do conxunto do edificio, dos seus materiais, das súas liñas e da forma en que está disposto o seu volume, deducimos como o autor non pretendeu rivalizar nin ocultar o xa existente, senón integrar, sen estridencias, un edificio novo nun contorno de elevadas esixencias histórico-artísticas.

**cgac.org**



# Fábrica de Cerámica de Sargadelos

Cervo (Lugo)

**Domingo 13 de outubro, 19.00 h >> Cía. trasPediante**

(Coñece o teu patrimonio: ás 17.00 h, visita guiada ao conxunto histórico de Sargadelos)

A Fábrica de Cerámica de Sargadelos é un complexo industrial singular, inaugurado en 1970, que representa a materialización do proxecto industrial, cultural, social e de identidade galega ideado por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane. O complexo é froito das reflexións, investigacións e propostas xurdidas no Laboratorio de Formas e reflexo directo da vontade destes dous intelectuais galegos de crear un lugar emblemático e pioneiro da creación artística e do rexurdir cultural de Galicia, e de situalo á beira do antigo complexo das fábricas de siderurxia e cerámica dos séculos XVIII e XIX, creado por Antonio Raimundo Ibáñez, cuxo pensamento ilustrado inspiraría a Díaz Pardo.

A Fábrica de Cerámica de Sargadelos é un exemplo egrexio dunha industria na que o proceso de produción é entendido como parte dun ambicioso proxecto de rexeneración cultural e social de Galicia. O complexo actual de Sargadelos, en Cervo, está integrado por unha serie de edificios e construcións de alto interese: o edificio circular de Andrés Fernández-Albalat Lois, a vivenda de Isaac Díaz Pardo, o Auditorio e Departamento de Arte e Comunicación, a Escola de Tecnoloxía e

Laboratorios, a marquesiña ondulada de formigón do aparcadoiro, torres e pasarelas metálicas que comunican os edificios, o zócolo de pedra da ampliación da fábrica con murais e esculturas de Díaz Pardo, o depósito da auga e miradoiro, o pequeno edificio de tratamento de minerais, dous fornos experimentais e a Pía do Xunco co mosaico de Luís Seoane. Todos eles, agás o edificio circular, foron concibidos e deseñados por Isaac Díaz Pardo, cun carácter funcional, de aspecto industrial e de extraordinaria lóxica construtiva e racionais.

Neles podemos recoñecer o movemento moderno e, asemade, aspectos da cultura tradicional galega, nunha integración da propia tradición e das vangardas europeas do século XX: modernismo, construtivismo ruso, racionalismo da Bauhaus e as últimas achegas artísticas da época no ámbito internacional.



# Sala Nobre do Museo Massó

Bueu (Pontevedra)

**Sábado 19 de outubro, 20.00 h >> The Delightful Companion**

(Outras actividades: ás 18.30 h, Aberto, pechado, libre ou atado. Obradoiro arredor da improvisación musical)

O Museo Massó é froito do labor coleccionista e das inqedanzas intelectuais dos irmáns José María e Gaspar Massó, membros dunha familia catalá dedicada á explotación da industria pesqueira asentada en Galicia a comezos do XIX. Os irmáns Massó recompilaron unha interesante colección de obxectos relacionados co mar e unha completa colección de libros de entre os séculos XV e XIX, ademais de manuscritos, cartografía, documentos e maquetas de embarcacións históricas.

A Sala Nobre, dedicada á historia da navegación, foi levantada en 1929 sobre o edificio máis antigo da fábrica de conservas Massó Hermanos (o mesmo que con anterioridade acollera a súa primeira fábrica de salgadura), co obxecto de expor a colección particular. Este foi o xermolo dun museo, inaugurado en 1932, e creado a proposta de Guillermo Marconi (Nobel de Física en 1909) que, en 1928, visitara Bueu e quedara impresionado pola colección.

A Sala Nobre é dun valor excepcional, xa que conserva a museografía e o mobiliario orixinais dos anos trinta do século XX. Esta sala, xunto co resto do Museo Mariñeiro, foi adquirida pola Xunta de Galicia en 1993 e hoxe forma parte do Museo

Massó, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Ademais da colección orixinal, a actividade pesqueira e os testemuños das factorías conserveira e baleeira foron completando o perfil dun museo único e sorprendente que mantén o engado da colección orixinaria.

[museomasso.blogspot.com.es](http://museomasso.blogspot.com.es)



# Igrexa de San Rosendo

Celanova (Ourense)

**Sábado 21 de setembro, 16.00 h**

(Outras actividades: Obradoiro infantil Constrúe o teu propio tubo)

**Domingo 27 de outubro, 20.00 h >> Música Acordada  
CLAUSURA**

O extraordinario conxunto do mosteiro de San Rosendo de Celanova, fundado polo santo do mesmo nome no ano 936, é o resultado dunha evolución histórica e arquitectónica que vai desde o século X ata o XX.

Coma en moitos mosteiros de Galicia, durante a segunda metade do século XVI os monxes de Celanova deixáronse levar por un afán renovador e comezaron unha importante reconstrución da man dos mestres Juan de Badajoz e Melchor Velasco, reflexo do poder da rica orde beneditina. No século XVIII, destaca o labor de frei Plácido Iglesias no claustro procesional, nunha síntese entre unha decoración barroca e unha estrutura renacentista. No templo mestúranse harmonía e monumentalidade a partes iguais. A concepción da planta, de vocación clásica, responde a un deseño de cruz latina con tres naves de tres tramos e cruceiro, mentres que no seu alzado mostra a maxestosa decoración barroca. Unha comunidade da envergadura da bieita necesariamente tiña que posuír un órgano que fose capaz de acompañar os frades no oficio das horas. Orixinal do século XVIII, a súa espléndida caixa foi

construída por Castro Canseco, con formas moi teatrais. O instrumento orixinal foi obra de Felipe de la Peña, pero, desgraciadamente, este non se conserva e, no seu lugar, instalouse neste século unha mecánica nova de dous teclados.

Co paso do tempo, San Rosendo preséntase aos visitantes de hoxe en día como expresión dun momento de intensa actividade e riqueza artística na historia de Galicia. Para asegurar a súa conservación axeitada, a Xunta de Galicia, a través do seu departamento de Cultura, veu abordando desde 1987, e de forma continuada, a rehabilitación do mosteiro por fases, tanto das súas fábricas coma do excepcional conxunto de retablos do seu interior. No mes de maio de 2013, rematouse a rehabilitación da Torre do Reloxo para permitir a súa visita pública.



HAMMERER, estudio de arquitectura, Innsbruck-Austria  
Especialistas en arquitectura sostenible  
Non coñecemos fronteiras



Empresas e entidades colaboradoras... >>



A arquitectura é música  
[www.hammerer.co](http://www.hammerer.co)





ALBARIÑO



O CASAL

NON MULTA, SED MULTUM

Since 1974

Tlf. 627 18 40 79 • boadochaves.es



Denominación de Orixe

**RIBEIRO**

esencia galega



# A ORIXE DE TÓDOLOS CAMIÑOS

## Ruta do mar de Arousa e Río Ulla



*Culler de pau*

Reboredo, 73  
36980 O Grove, Pontevedra  
[www.cullerdepau.com](http://www.cullerdepau.com)

*Cocinando as tempadas  
dende un lugar privilexiado*





“A diferenza entre unha vida extraordinaria e unha vida cotiá é encontrar un pracer extraordinario nas cousas cotiás”

**NOTA DE CATA:**

Cor amarela pallosa, intensa e limpa.

Destacan as notas varietais como herba seca e de froita como mazá e pera. Intenso toque de flores silvestres cun lixeiro fondo cítrico de lima.

Paso por boca intenso e graxo, con boa estrutura froito do traballo con lías. A densidade e untuosidade envolven o padal. O viño continúa cun final longo e persistente.

*Mellor Viño Branco de Galicia*

XXIV CATA DE VIÑOS DE GALICIA

www.almaatlantica.com



## ACHÉGATE A AS COMPUTER E CONSIGUE UN DESCONTO ESPECIAL EN ALTOFALANTES E AURICULARES\*

Poderalo escoitar máis alto pero non máis claro.



Zeppelin  
Bowers & Wilkins

\* Benefíciate dun 5% de desconto en altofalantes e auriculares ao presentares esta guía en calquera tenda AS Computer. Válido ata rematar existencias. Máx. unha unidade por persoa.



Bose SounLink




TEAC SR-Luxi



Jabra Sport Bluetooth

### AS Computer

Rúa Curros Enríquez n.º 16, Ourense 988 60 20 06  
Avda. Barcelona n.º 4, Santiago de Compostela 981 53 44 92  
Praza Porta do Sol n.º 9, Vigo. 886 13 88 81





**G**  
*Empresagavilanes*

*Uma boa melodia é a melhor companheira de viagem*

T. 988 371 235 [www.empresagavilanes.es](http://www.empresagavilanes.es) [info@empresagavilanes.com](mailto:info@empresagavilanes.com)

C/ Progreso 123, 2ª entreplanta Puertas 4-5 32003 Ourense

## **GALERIE ARNOLD**

**ARTE - JOIARIA -  
ANTIGÜIDADES**

**DR. KONRAD ARNOLD**

**INNRAIN 9  
A-6020 INNSBRUCK  
AUSTRIA**



# Colaboran... >>



Concello de Celanova



Museo Etnolóxico Ribadavia



SALGADEIRA DE MOREIRAS Espazo museístico Concello do Grove



CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA



AUDITORIO DE SARGADELOS

